

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

5331 *Real decreto 162/2019, do 22 de marzo, polo que se desenvolve o índice de actualización das tarifas aeroportuarias de AENA S.M.E., S.A. (índice P), e se modifica o Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.*

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, estableceu, entre outros aspectos, un réxime de regulación dos ingresos de Aena SME, S.A., así como o procedemento de actualización das tarifas aeroportuarias pola prestación dos servizos aeroportuarios básicos. Conforme se establece na citada lei, os ingresos do xestor aeroportuario ligados aos servizos aeroportuarios básicos teñen natureza de prestacións patrimoniais públicas, respectando a súa regulación a reserva de lei na súa creación pola Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, modificada pola Lei 1/2011, do 4 de marzo.

A citada lei establece que os ingresos do xestor estarán condicionados ao cumprimento dun ingreso máximo anual por pasaxeiro axustado (IMAAX). O IMAAX obtense partindo do ingreso máximo anual por pasaxeiro (IMAP), o cal é modulado para obter o IMAAX por, entre outros, os axustes en materia de calidade e cumprimento de investimentos que deriven conforme o establecido na dita lei. Por tanto, a través deste proceso o IMAP serve de base para o axuste das tarifas aeroportuarias.

O anexo VIII da Lei 18/2014, do 15 de outubro, establece unha fórmula de actualización do IMAP para cada un dos anos comprendidos polo documento de regulación aeroportuaria (DORA). Partindo do IMAP do ano previo a aquel de aplicación, esta fórmula prevé dous compoñentes, o compoñente X e o compoñente P. O compoñente X queda fixado no DORA e prevé os incrementos ou diminucións da base de custos do operador debidos a factores específicos ligados á súa actividade, previsibles no momento de elaboración do DORA e convenientemente recoñecidos polo regulador, é dicir, aquelas variacións de custos controlables polo xestor aeroportuario. Por outro lado, o índice P prevé as variacións anuais do prezo de *inputs* fóra do control de operador, pero que afectan a súa actividade, conforme os principios de eficiencia económica e boa xestión empresarial. O valor do índice P non se concreta no DORA posto que a súa contía se determina anualmente durante o proceso de establecemento das tarifas aeroportuarias para o seguinte ano. Ademais, conforme o citado anexo, o mecanismo de cálculo do índice P determinarase regulamentariamente.

Conforme o previsto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, e o Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, o mecanismo de cálculo do índice P debe responder aos principios de referenciación a custos, eficiencia e boa xestión empresarial, e non poderá referenciarse a ningún índice xeral de revisión de prezos.

Neste marco, este real decreto establece o mecanismo de cálculo do índice P mediante unha fórmula que depende duns índices específicos aplicables para a revisión dos custos do xestor aeroportuario e que se definen neste real decreto, así como o procedemento para a determinación do seu valor anual.

Por último, modifícase o Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, para incluír, por coherencia normativa, este índice entre os supostos en que pode aprobarse un réxime de revisión periódica e predeterminada de valores monetarios en función de prezos individuais ou índices específicos de prezos.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Atende aos principios de necesidade e eficacia, ao quedar xustificada por razóns de interese xeral, asegurar a cobertura dos custos da prestación dos servizos aeroportuarios básicos prestados por Aena SME, S.A., e a sustentabilidade da rede de aeroportos de interese xeral; a súa finalidade queda claramente identificada na norma e é o instrumento adecuado aos fins perseguidos, segundo se recolle na Lei 18/2014, do 15 de outubro. Responde ao principio de proporcionalidade ao establecer a regulación mínima imprescindible aos fins da norma e ao principio de seguridade xurídica ao incardinarse de forma coherente co resto das disposicións de aplicación, completando un marco estable, predicible e claro. É coherente, por último, cos principios de transparencia e eficiencia, ao posibilitar a participación activa do sector e non impor cargas administrativas innecesarias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e das ministras de Facenda, e de Economía e Empresa, de acordo co Consello de Estado, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno de Asuntos Económicos, e deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o mecanismo de cálculo do índice P, de actualización anual do ingreso máximo anual por pasaxeiro (IMAP), previsto no anexo VIII da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e o procedemento para a súa determinación.

2. O disposto neste real decreto é aplicable no procedemento de actualización anual das prestacións patrimoniais públicas que percibe Aena SME, S.A., como contraprestación polos servizos aeroportuarios básicos, conforme o procedemento establecido na Lei 18/2014, do 15 de outubro, todo isto sen prexuízo do marco xurídico en materia de desindexación, así como do resto de lexislación vixente que sexa de aplicación nesta materia.

Artigo 2. *Determinación do índice P para a revisión do ingreso máximo anual por pasaxeiro.*

1. O índice P aplicable na actualización do IMAP do ano t calcularase no ano t-1. O seu valor, que poderá ser positivo, negativo ou nulo, é o resultado do produto dos coeficientes (α), que determinan o peso das principais partidas de custo que afectan Aena SME, S.A., polos índices específicos (L, I, S, M, A, R, O, E, H) que reflicten a variación de prezos de diferentes servizos, conforme a seguinte fórmula:

$$P_{t-1} = \alpha_1 \cdot L_{t-1} + \alpha_2 \cdot I_{t-1} + \alpha_3 \cdot S_{t-1} + \alpha_4 \cdot M_{t-1} + \alpha_5 \cdot A_{t-1} + \alpha_6 \cdot R_{t-1} + \alpha_7 \cdot O_{t-1} + \alpha_8 \cdot E_{t-1} + \alpha_9 \cdot H_{t-1}$$

Onde:

a) P_{t-1} é o índice de revisión periódica e predeterminada que se empregará para a determinación do IMAP do ano t.

b) α_1 a α_9 son as porcentaxes que representan, sobre o total dos custos regulados que derivan da prestación dos servizos aeroportuarios básicos, os custos directamente relacionados coas seguintes categorías:

1.^a Os custos de persoal propio de Aena SME, S.A., asociados directamente a actividades reguladas a través do coeficiente α_1 .

2.^a Os servizos de navegación aérea: os servizos de tránsito aéreo, os servizos de comunicación, navegación e vixilancia; servizos de información aeronáutica e servizos meteorolóxicos destinados á navegación aérea, a través do coeficiente α_2 .

3.^a Os servizos de seguridade a través do coeficiente α_3 .

4.^a Os servizos de reparación e conservación a través do coeficiente α_4 , incluíndo o custo dos recambios e os repostos.

5.^a Os servizos de limpeza e recollida de carros portaequipaxes a través do coeficiente α_5 .

6.^a Os servizos de atención a persoas con mobilidade reducida (PMR) a través do coeficiente α_6 .

7.^a Os servizos operativos e de apoio intensivos en man de obra a través do coeficiente α_7 .

8.^a Os custos da enerxía eléctrica a través do coeficiente α_8 .

9.^a Os custos de asociados ao pagamento de tributos locais que resulten estritamente necesarios para a prestación dos servizos aeroportuarios básicos, a través do coeficiente α_9 .

c) L_{t-1} é o menor dos valores entre:

1.º A taxa de variación anual, medida en tanto por un, das retribucións fixadas para o persoal ao servizo do sector público mediante lei de orzamentos xerais do Estado.

2.º A taxa de variación real, en tanto por un, dos custos unitarios en materia de persoal, de acordo coa información contida na contabilidade analítica de Aena SME, S.A.

d) I_{t-1} é a taxa de variación anual, medida en tanto por un, dos custos dos servizos de navegación aérea, de acordo coa información contida na contabilidade analítica de Aena SME, S.A.

e) S_{t-1} é o menor dos valores entre:

1.º A taxa de variación interanual, medida en tanto por un, do valor medio dos catro valores trimestrais dispoñibles do índice de prezos de servizos (IPS) do grupo «80. Actividades de seguridade e investigación», publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

2.º A taxa de variación real, en tanto por un, dos custos unitarios en materia de seguridade.

f) M_{t-1} é o menor dos valores entre:

1.º A taxa de variación interanual, medida en tanto por un, do valor medio dos doce valores mensuais dispoñibles do índice de prezos industriais (IPRI) da división «33. Reparación e instalación de maquinaria e equipamento», publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

2.º A taxa de variación real, en tanto por un, dos custos unitarios en materia de mantemento.

g) A_{t-1} é o menor dos valores entre:

1.º A taxa de variación interanual, medida en tanto por un, do valor medio dos catro valores trimestrais dispoñibles do índice de prezos de servizos (IPS) do grupo «81.2 Actividades de limpeza», publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

2.º A taxa de variación real, en tanto por un, dos custos unitarios en materia de limpeza.

h) R_{t-1} é a taxa de variación anual, medida en tanto por un, dos custos dos servizos de atención a persoas con mobilidade reducida.

i) O_{t-1} é o menor dos valores entre:

1.º A taxa de variación anual, medida en tanto por un, das retribucións fixadas para o persoal ao servizo do sector público mediante lei de orzamentos xerais do Estado.

2.º A taxa de variación real, en tanto por un, dos custos unitarios en materia de servizos operativos e de apoio intensivos en man de obra.

j) E_{t-1} é a taxa de variación interanual, medida en tanto por un, do valor medio dos doce valores mensuais dispoñibles do índice de prezos industriais (IPRI) da clase «3514. Comercio de enerxía eléctrica», publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

k) H_{t-1} é a taxa de variación anual, medida en tanto por un, dos custos asociados ao pagamento de tributos locais de acordo coa información contida na contabilidade analítica de Aena SME, S.A.

2. A aplicación do disposto no número anterior realizarase con suxeición ás seguintes regras:

a) Para o cálculo do índice P_{t-1} unicamente se terán en conta os custos asociados á prestación dos servizos aeroportuarios básicos establecidos na Lei 18/2014, do 15 de outubro.

b) A determinación dos coeficientes (α) realizarase tomando como base a estrutura dos custos regulados efectivamente incorridos o ano natural anterior ao ano en que se realice o cálculo do índice P.

c) Na determinación da variación real dos custos unitarios illaranse dos efectos de aumento no prezo as variacións derivadas de cambios no nivel de actividade ou cambios nas condicións do servizo.

d) As taxas a que se refiren as letras c) a k) do número 1 deste artigo determinaranse tendo en conta as variacións do ano natural anterior ao ano en que se realice o cálculo do índice P, con respecto ao valor equivalente do ano previo.

e) En todos os casos e aínda cando non se mencione expresamente, o cálculo dos custos reais realizarase sobre a base da información contida na contabilidade analítica de Aena SME, S.A., debendo incluír a dita contabilidade analítica criterios obxectivos de asignación de custos, de forma que o citado sistema poida facilitar a información adecuada para efectos deste real decreto.

f) Excepcionalmente, naqueles casos en que a taxa de variación reflectida a través dun índice específico do Instituto Nacional de Estatística sexa substancialmente inferior á variación real dos custos unitarios da partida correspondente, a CNMC poderá, por proposta de Aena SME, S.A., valorar a adopción como taxa de variación a correspondente á variación real dos custos unitarios que efectivamente se produza.

Artigo 3. *Procedemento de determinación do índice P.*

1. Antes da determinación do ingreso máximo anual por pasaxeiro axustado (IMAAX), Aena SME, S.A. deberá realizar o cálculo do valor do índice P aplicable no procedemento de actualización das prestacións patrimoniais públicas do seguinte exercicio e remitirá a proposta á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (en diante, CNMC). Así mesmo, Aena SME, S.A. comunicará a proposta ás asociacións representativas de usuarios.

2. A CNMC supervisará a adecuación do dito índice ao previsto neste real decreto e resolverá sobre o que resulte aplicable.

3. Durante o proceso de determinación do índice, a CNMC terá acceso a toda a información que sexa necesaria para o desempeño eficaz dos seus labores conforme este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.*

Engádesse un número 4 ao artigo 6 do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, co seguinte contido:

«4. Poderá ser obxecto de revisión periódica e predeterminada o índice P previsto no anexo VIII da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto adóptase no exercicio das competencias estatais exclusivas en materia de aeroportos de interese xeral, de conformidade co previsto no artigo 149.1.20.^ª da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O primeiro índice P determinarase e aplicarase para o establecemento das tarifas aeroportuarias suxeitas ao primeiro proceso de transparencia e consulta que teña lugar tras a entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 22 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO